



Agrupación de Electores “Movemento Salceda”

A piques de chegar á metade do mandato da actual corporación municipal, os grupos políticos que apoiamos a investidura da actual alcaldesa, e conseguinte goberno do seu grupo, sentímonos na obriga da facer balance dos acordos que deron pé á investidura.

Desde aquela sinatura do acordo, en acto público o 16 de xuño de 2023, non houbo, por parte do grupo que sustenta o goberno, interese algún en facer un seguimento dos acordos acadados no seu día.

Máis aló do debate sobre o proxecto de “orzamentos” que nos ten presentado o grupo de goberno, coidamos necesario facer unha análise conxunta dos acordos que posibilitaron a investidura da Sra. Dolores Castiñeira como alcaldesa.

Polo que instamos á Agrupación de Electores Movemento Salceda a fixar día e hora para unha xuntanza dos grupos asinantes do acordo de investidura, de cara a avaliar o cumprimento dos acordos subscritos, para adoptar as medidas correctoras que proceda naqueles asuntos que consideremos necesario.

Saúdos

Salceda de Caselas, 10 de abril de 2025

P.S.O.E.
Verónica Tourón Domínguez

B.N.G.
Salustiano Guerra García